



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DO 13 DE DECEMBRO DE 2012**

Ás 9.40 h, en segunda convocatoria, no Paraninfo da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Claustro que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**; xustifican a súa ausencia os sres. Fermín Navarrina Martínez, Luís González Ares, María del Carmen Barreiro Daponte, Manuel Casteleiro Maldonado, Margarita Amor López, Nuria Rebollo Quintela, Francisco Alonso Tajés, Jesús Manuel Muñoz Cantero, Rosa Meijide Faílde e Ana Sánchez Bello.

### **1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión do 15 de maio**

Tras a comprobación do *quorum* legal para que teña lugar a sesión, o Reitor ábrea e e somete á aprobación do Claustro a acta da sesión do 15 de maio.

Intervén o profesor Xosé Lois Martínez, quen considera que a súa intervención non se recolleu fielmente nesa acta. Cita en concreto a omisión dun informe sobre política de solo na Universidade, no que se informaba da situación urbanística do campus, e particularmente da inexistencia de solo dispoñible. Quere que conste literalmente esta intervención.

Tras o anterior, o claustro aproba a acta por asentimento.

### **2. Informe do reitor sobre as xestións realizadas para o cumprimento da declaración institucional aprobada polo Claustro do 15 de maio do 2012 en apoio da universidade pública**

Toma a palabra o reitor para lembrar que, no mes de maio impulsou unha reflexión colectiva, dentro e fóra da Universidade, sobre as graves consecuencias do Real decreto lei 14/2012, do 21 de abril, de medidas urxentes no ámbito educativo.



Tratábase así de reafirmar o modelo de universidade pública que durante os últimos trinta anos, con máis luces que sombras, contribuíu decisivamente ao aumento da cohesión social e do benestar de amplas capas sociais do noso país.

Froito desa reflexión, o pasado Claustro de 15 de maio aprobou por consenso unha declaración institucional en apoio da universidade pública. O apoio sen fisuras a aquela declaración permitiunos a todos –e especialmente ao reitor– enunciar nidiamente as nosas prioridades institucionais; a nosa folla de ruta para o ano 2012.

O reitor resume tales prioridades:

- Defender o actual modelo de servizo público universitario, chantado sobre a súa autonomía constitucionalmente garantida;
- E facelo exercendo tamén a responsabilidade social que nos toca, mediante a busca dunha maior eficiencia dos nosos recursos financeiros.

Segundo o reitor, o presente informe pretende dar conta ao Claustro, e con el á sociedade á que nos debemos, da xestión realizada para responder aos compromisos manifestados na nosa declaración de 15 de maio.

Tamén é obxectivo deste informe continuar esa reflexión iniciada en maio sobre a situación da universidade española e, en particular, sobre a situación presente e futura da universidade coruñesa. O exercicio da nosa responsabilidade colectiva como membros desta institución demanda coñecer a situación de primeira man. Con transparencia, sen edulcorantes, mais tamén sen fatalismo nin demagóxicas profecías do desastre.

Na declaración do 15 de maio manifestamos a nosa oposición colectiva á suba do custo das matrículas universitarias. Ratificamos tamén o acordo do Claustro de 2008, no que pedimos a conxelación dos prezos de matrícula e o incremento de bolsas baixo o principio de igualdade e de xustiza social, ao considerarmos que as razóns esgrimidas naquel momento están plenamente vixentes no momento actual, pola repercusión da recesión nas familias dos nosos estudantes.



Para lograr o anterior obxectivo, durante o mes de xuño os reitores das universidades galegas mantivemos intensas negociacións cos responsables da Xunta de Galicia.

Estas negociacións renderon o froito da conxelación da primeira matrícula (con moito, a máis frecuente na nosa universidade), e a contención na suba de segunda e sucesivas matrículas, recollidas no Decreto 154/2012, do 12 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial no ensino universitario para o curso 2012/2013.

A posición da UDC no Consello Galego de Universidades do 3 de xullo, no que se informou este decreto de taxas da Xunta, foi a abstención.

Estabamos en desacordo co Real decreto lei 14/2012, como foi aprobado polo Claustro de 15 de maio, mais quixemos tamén deixar constancia da nosa positiva valoración da actitude negociadora da Xunta de Galicia, buscando a parte baixa das marxes de prezos de matrícula.

Consideramos que este acordo é un valioso precedente para o vindeiro ano, dado que a Xunta aceptou o que para nós é unha liña vermella irrenunciable: a conxelación da primeira matrícula na actual situación de recesión económica e social sen precedentes.

Neste mesmo sentido de estarmos a carón das precarias economías dos estudantes, aprobamos incrementar os prazos de liquidación da matrícula de tres a catro e favorecer a realización de estudos a tempo parcial, mediante a reforma do regulamento correspondente.

Outro aspecto da xestión desenvolvida neste ámbito foi pular polo mantemento das bolsas pre e posdoutorais, que consideramos un aspecto esencial. Así mesmo, a Xunta aprobou complementar economicamente as bolsas do MECD para paliar o incremento das exixencias académicas experimentadas nesta convocatoria.

Os datos de matrícula seguen sendo case idénticos aos do curso 2011-2012. Malia isto, os ingresos por matrícula descendén levemente, como consecuencia da implantación do EEES.



Ademais, cómpre ter en conta outro aspecto importante referente á matrícula dos nosos mestrados: tras distintas negociacións, a aplicación dos limiares mínimos de matriculados nos mestrados oficiais que establece o decreto de titulacións de 2011 foi flexibilizado no ano 2012-2013, o cal permite así manter case totalmente a nosa oferta de estudos de mestrado, sen frustración das lexítimas expectativas do estudantado.

Un segundo aspecto da Declaración era a retirada dos mecanismos propostos polo Real decreto lei 14/2012 para revisar a dedicación docente, por seren ineficaces e constituíren unha ameaza para a calidade da formación e da investigación.

Para nós, é prioritaria a conservación e o incremento da cualificación do noso persoal, tanto do PDI como do PAS.

Mais, por ser o PDI o cerne fundamental dunha institución docente e investigadora, centrámonos en evitar o que noutras universidades xa se fixo –rescindir contratos laborais temporais ou mesmo indefinidos–, para impedir que unha situación de recesión económica derrame irreversiblemente o talento docente e investigador que, como institución, temos a obriga de transmitir ás xeracións futuras.

O aumento de dedicación ordinaria do PDI a 320 horas e a rebaixa da dedicación a 160 horas aos profesores con sexenios vivos foi moderado coa obtención dun compromiso do Ministerio respecto do carácter de máximos desta regulación, o que permite desenvolver políticas propias de adaptación en cada comunidade autónoma ou en cada universidade. O compromiso foi adquirido tras a negociación da CRUE co Ministerio. Aínda que este compromiso só se plasma nunha circular ministerial, supón un paso adiante na moderación da aplicación dunha medida moi prexudicial para o necesario equilibrio das tres facetas que compoñen a dedicación común do profesorado universitario: docencia, investigación e xestión.

En materia de dotación de prazas de PDI, a Universidade da Coruña conseguiu rematar o ano 2012 culminando sen incidencias todos os procesos selectivos aprobados polo Consello de Goberno en cumprimento dos criterios acordados entre todos sobre dotación de prazas.



Esta culminación non foi fácil. A inseguridade xurídica que durante a primeira metade deste ano pesou sobre a aplicabilidade da taxa de reposición cero ás Universidades foi moi grande.

A Lei de orzamentos para o ano 2012, aprobada no mes de xuño polas Cortes Xerais cunha taxa de reposición do 10%, provocou unha reacción inmediata no Ministerio de Facenda, que impugnou distintas convocatorias en máis de quince universidades.

A Universidade da Coruña tamén foi requirida a finais de xullo para que anulase dúas prazas xa convocadas no BOE. Como foi consensuado no Consello de Goberno dese mesmo mes de xullo, a Universidade rexeitou tal requirimento en setembro ao amparo no dereito á autonomía universitaria e noutras consideracións legais, logramos que as devanditas prazas non fosen impugnadas polo Ministerio de Facenda.

No entanto, en aplicación do Real decreto lei 14/2012, tivemos que solicitar a finais de xullo autorización á Consellaría para convocar outras prazas de funcionario. Non recibimos contestación expresa. Por esta razón, e na liña de combinar con sensatez a defensa da autonomía universitaria e o respecto institucional das competencias alleas, no Consello de Goberno do 27 de setembro pareceunos prudente anunciar a suspensión cautelar da convocatoria de novas prazas de PDI funcionario.

A respecto das prazas de contratados laborais, logramos acordar coa Consellaría de Educación a promoción dos axudantes e axudantes doutores que contan con acreditación cando estean nos dous últimos anos do contrato, así como dos investigadores Ramón y Cajal e Parga Pondal que contan coa avaliación positiva e a correspondente acreditación.

Outros asuntos, no entanto, poñen de manifesto que a política de persoal das universidades está no punto de mira do Goberno. En xuño coñecemos a apertura de dilixencias por parte do Tribunal de Contas de España contra os plans de xubilación voluntaria incentivada que, como o noso, foi aprobado ao abeiro da disposición vixésimo terceira da LOMLOU.

Acordouse a nivel CRUE que se suspendesen cautelarmente os plans en vigor, para evitar problemas maiores. Así se fixo na nosa universidade a finais de xullo.



En materia de financiamento, e dado o afondamento da recesión ao longo do ano 2012, a prioridade centrouse en conservar o orzamento vixente.

É ben certo que a nosa situación non é comparable á doutras universidades españolas, cuxas dificultades orzamentarias son alarmantes.

A xestión orzamentaria prudente desenvolvida nos últimos anos fíxonos estar en mellores condicións para afrontar as actuais dificultades. Con todo, os ingresos tributarios da Facenda pública seguen á baixa, e as blindaxes autonómicas do gasto universitario poden comezar a rebrandecerse. Nese sentido, o noso esforzo debe centrarse na relevancia de conservarmos o investimento público en educación superior e en innovación.

O pasado luns vimos de facer unha lectura conxunta de todas as universidades españolas en defensa deses obxectivos, ante o forte retroceso das fontes de financiamento básico e finalista das universidades públicas españolas.

Todos coincidimos en defender a sustentabilidade financeira da Universidade sobre o orzamento público como aposta de saída da crise en termos de equidade social e sustentabilidade económica dun modelo produtivo baseado no coñecemento e na innovación.

O investimento público en universidade é un dos poucos, se non o único, que permite acadar simultaneamente os dous obxectivos anteriores, polo que debe ser a nosa responsabilidade colectiva, como membros da comunidade universitaria, transmitir esta idea en todos os ámbitos, e compartila con todos os axentes sociais: demandar o mantemento do gasto en educación superior non é un egoísmo insolidario de xentes que vivan á marxe da realidade, senón investimento esencial para a viabilidade deste país, cuxo mantemento debería ser obxecto dun pacto de Estado.

Nestes momentos, o proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado está sendo debatido no Senado, e o proxecto de lei de orzamentos da Xunta, en curso de elaboración na Xunta de Galicia, será introducido no Parlamento galego na última semana do ano.

Mestres non se produza a aprobación da lei autonómica de orzamentos para o 2013, a Xunta funcionará co orzamento de 2012 prorrogado. Isto significa que debemos facer o noso orzamento coas cifras previstas nese





orçamento, e cos parámetros dados a día de hoxe pola Consellaría de Facenda. Isto debrúzanos perante un escenario de provisionalidade e incerteza, que agardamos superar canto antes.

Mais, respecto da concreta aplicación do plan de financiamento do SUG e as liñas orzamentarias para 2013, permítaseme remitir estas cuestións ao punto 4 desta sesión, onde será obxecto dun tratamento monográfico.

Finalmente, o punto 6 da declaración institucional aprobada polo Claustro de 15 de maio contén un compromiso de “introducir as medidas técnicas, formativas e organizativas necesarias para acadar un mellor rendemento social dos fondos públicos investidos na universidade”.

Trátase dun conxunto de medidas necesarias para dar testemuño de responsabilidade social xenuína da Universidade neste contexto de carestía económica xeneralizada. Cabe salientar as seguintes medidas:

a) Incremento da eficiencia dos cadros de persoal ante os recortes emanados das leis do Estado. Neste ámbito, sinalarei tres políticas:

- A dedicación ordinaria do PDI pasou das 220 ás 240 horas. Está tamén en curso a elaboración do Plan de dedicación académica individual (PDAI), que reunirá o cómputo individualmente as tres dimensións do traballo de cada profesor ou profesora (docencia, investigación, xestión).
- O acordo do 13 de xullo para a funcionarización do PAS laboral
- A reasignación de efectivos do PAS cara ás prioridades funcionais (investigación, calidade da docencia, internacionalización), mediante a reforma da RPT, agora única, do PAS.

b) Mellora da xestión da transferencia, con catro liñas de actuación:

- Novos regulamentos de contratación (art. 83 da LOU), dereitos da propiedade intelectual e industrial e creación de empresas de base tecnolóxica (EBT), con incremento dos fondos destinados a financiar a Universidade.
- Fincapé na difusión da nosa carteira de investigación e transferencia: do 1 ao 21 de outubro tivo lugar a exposición “A Universidade coa



Empresa”, no Cantón Grande da Coruña, na zona do Obelisco, e posteriormente en Ferrol. Nela amosáronse exemplos de actividades de transferencia de grupos de investigación da UDC. Tamén se organizaron diversas actividades sectoriais e transversais paralelas entre os grupos de investigación e empresas, así como outras de difusión, emprendemento e divulgación

- Reorganización do Servizo de Investigación co obxectivo de acadar unha maior eficiencia na xestión da investigación.
- Financiamento plurianual dos grupos de investigación

c) Canto ás melloras na xestión xeral, citarei o impulso da administración electrónica nos procesos administrativos: implantación da sinatura electrónica e da sede electrónica (en trámite); mellora do portal do empregado e do portal económico; adaptación e mellora da páxina web institucional; implantación do voto electrónico para as vindeiras eleccións a órganos colexiados; novas aplicacións de xestión (contratos e convenios, xestión de bolsas propias, inscrición en actividades culturais).

Ante os momentos difíciles que nos vai deparar o futuro, permitídemme enfatizar, para rematar, na importancia da nosa unidade institucional.

Os universitarios estamos acostumados a exercer a participación, a lexítima discrepancia, e o respecto, tanto na vida académica como nos órganos colexiados de goberno. Esa é a nosa tradición, sen a cal non hai ciencia viva, nin tampouco universidade viva. Mais a situación actual vai facer inevitable buscarmos a unidade e os consensos básicos na nosa resposta aos desafíos que veñen. Pídivos un esforzo a todos e todas para sermos capaces de identificar os obxectivos que nos unan a todos, pois só así seremos quen de superar con éxito a actual etapa de dificultades.

Neste sentido, propoñemos que ese esforzo se singularice ao longo do ano 2013 na elaboración dun novo plan estratéxico para a nosa universidade, que sirva como ferramenta de integración das distintas sensibilidades, preferencias e intereses nun único documento que marque as nosas prioridades e estratexias institucionais de mellora en todos os ámbitos.

Tras esta exposición, ábrese unha quenda aberta de intervencións.





O profesor Jordi Delgado coincide en termos xerais coa exposición dos problemas que sinalou o reitor, mais considera que as actuacións internas serían susceptibles de valoracións máis matizadas. Ten serias discrepancias, por exemplo, sobre as virtudes do Regulamento sobre as contratacións do artigo 83 da LOU. Considera que houbo mala información, e pouca participación dos profesores que fan transferencia. O mesmo di respecto do regulamento de *spin off* e de propiedade intelectual, ou sobre os criterios de asignación de fondos en infraestruturas.

O profesor Alejandro Pazos apoia a oferta de consenso, pero sinala que o día a día non corrobora a vontade de consenso que fai o reitor. Critica que o diñeiro que se ingrese a maiores das taxas académicas non repercuta en bolsas para os estudantes; critica o implacable incremento de horas docentes en graos e mestrados, “gratis total” (di que o reitor xoga con dúas barallas); critica a retirada da paga extra do persoal de capítulo VI no mes de agosto, así como o pago de 20 000 euros á ANEP para avaliar os grupos de investigación nun contexto de recortes de fondos de investigación. Sinala que esta avaliación da ANEP foi pouco transparente, como demostrarían as crecentes protestas dos grupos de investigación mal avaliados, que non foron escoitados nas súas alegacións. A UDC está, ao seu xuízo, moribunda no ámbito do I+D+I por culpa de Nova Luce. Para lograr consenso, hai que saber o lugar que se ocupa. Critica nese sentido a Barja por unha entrevista nun medio, que considera impropia, e ao reitor polo seu discurso na entrega de premios Rafael Hervada. Máis grave, ao seu xuízo, foi o acto de inauguración do curso académico, onde se produciu unha pantomima de presuntos estudantes, que tiña visos de ter sido pactada. Estas actitudes impiden, ao seu xuízo, que o consenso poida lograrse.

Luís Castedo agradece a convocatoria do Claustro, e coincide coas liñas xerais do informe presentado polo reitor. Porén, critica o ton triunfalista dalgunhas das súas pasaxes como, por exemplo, no incremento das segundas, terceiras e seguintes matrículas: non ten clara a efectividade que tivo a declaración do 15 de maio, pois o escaso incremento das taxas cre que foi mérito da Xunta. A defensa do modelo tamén debe matizarse porque caben maneiras moi distintas de xestionar este modelo. Suscribe a diagnose sobre os recortes, mais pide que se vaia alén, pois os nosos problemas non só son de financiamento, senón tamén de gobernanza, de fornecer mecanismos para que poidamos captar máis recursos e explotalos mellor. Para exemplificar a irracionalidade do modelo de xestión, cita a concesión dunha axuda de 100 000 € que lle concedeu a Xunta, e que tivo



que xustificar en dez días. O financiamento debe ser competitivo e non competitivo, non público e privado. O público tamén debe ser competitivo. O verdadeiro problema son os incentivos, como é o caso dos sexenios de investigación: por moi pouco diñeiro, conseguíuse acrecentar a nosa investigación. Tamén habería que incentivar a produtividade do PAS, e eliminar as trabas burocráticas á xestión do diñeiro. Cómpre cambiar o modelo de xestión, evolucionar o sistema, sobre todo porque imos vivir unha época de fortes restricións en todas as facetas do financiamento.

Nuria Vieira agradece a convocatoria do Claustro e o informe presentado polo reitor. Considera que a deterioración da situación da Universidade foi moi forte, e non houbo resposta institucional: suba de taxas, non renovación de contratos docentes por incremento de horas de dedicación docente, deterioración da docencia e da investigación, degradación e redución do cadro de persoal de administración e servizos... Pide mobilizacións máis contundentes; que se defenda na rúa o que se proclama verbalmente. Os representantes do PAS maniféstanse todos os xoves na Reitoría para facer visible a defensa do servizo público da Universidade e dos seus traballadores/as.

Andrés Marcos comenta as consecuencias que ten no POD o incremento da dedicación docente por mor do Real decreto lei 14/2012. Pide información e compromiso do equipo de goberno para negociar durante o 2013 a PDAI, os límites e o cómputo da dedicación docente.

José Manuel Busto agradece o claustro e o informe rendido polo reitor sobre a declaración do 15 de maio. Di que o compromiso do equipo de goberno co servizo público universitario é indubidable, e chámalle a atención algunhas das intervencións anteriores. Salienta que as reformas normativas, os procedementos de xestión do diñeiro público provenientes do Estado ou da Xunta, ben como os recortes orzamentarios, proveñen das administracións superiores, e son adoptadas sen audiencia das universidades. Á Universidade non lle queda máis remedio que respectar esas reformas, por respecto ao principio de legalidade. Mais é posible agudizar a innovación na xestión, como pon de manifesto a avaliación plurianual externa, e a vinculación da concesión de fondos plurianuais de investigación aos grupos de investigación a esa valoración. Pide unha valoración do reitor sobre o futuro desta liña de traballo.



Sonia Souto di que á hora de promover consensos chama a atención sobre un punto específico da normativa de estudos de doutoramento, aprobada polo Consello de Goberno o 17 de xullo de 2012. A súa aplicación está dando lugar a problemas porque limita innecesariamente a posibilidade de que o PDI doutor da UDC participe na codirección de teses de doutoramento. Pide que se revisen estas cuestións co fin de poñer en valor os recursos investigadores das áreas de coñecemento da nosa universidade.

Anxo Calvo considera que foi moi útil a declaración do 15 de maio, non só para o equipo de goberno, senón tamén para outros xestores universitarios, porque foi a nosa común tarxeta de visita á hora de levar adiante múltiples posicionamentos e negociacións na Xunta, na CRUE etc. En segundo lugar, respecto do financiamento, resalta a boa xestión orzamentaria desenvolvida durante anos pasados. A prudencia e rigor na programación plurianual do gasto permitiunos chegar ao vórtice da crise en mellor situación que outras universidades. Porén, non debemos caer na autocompracencia. A situación é moi grave e debemos seguir avanzando cara a un mellor funcionamento da institución, con responsabilidade social, pois non podemos pretender estar entre algodóns cando fóra a xente está entre espiños. Para iso, considera esencial a redacción dun novo plan estratéxico que sinalou o reitor na súa intervención, porque permite falar, reflexionar, consensuar e tomar as decisións máis atinadas para o conxunto da institución, apostando pola cooperación coas restantes institucións.

O estudante Adrián Sanín (Sindicato de Estudantes) constata o desmantelamento das conquistas adquiridas pola clase traballadora durante os últimos corenta anos: sanidade, pensións, educación, condicións laborais etc. Critica ao ministro Wert pola suba de taxas, os recortes de 4000 millóns de euros nos orzamentos do sistema educativo e o endurecemento dos requisitos para acceder ás bolsas. A reforma da LOMCE está a expulsar os fillos e fillas dos traballadores do sistema educativo para inserilos nun sistema produtivo degradado. Valora o esforzo que fai a institución neste contexto, mais considera que non é suficiente. Lembra a falta de Residencia e a redución da bolsa para o bonobús.

Tras todas as intervencións, o reitor contéstaas conxuntamente.

Para o reitor, a prioridade é manter o servizo público, o cal significa manter o acceso igualitario dos rapaces e rapazas estudantes, mediante a conxelación das taxas. O reitor transmitiu estas ideas na CRUE e no



Consello de Universidades. Coa axuda e colaboración da Xunta, convenceuse ao Ministerio para flexibilizar as taxas en cada comunidade autónoma, o que permitiu a conxelación da primeira matrícula para este curso 2012/2013. O reitor tamén lembra que as cantidades que soben as segundas, terceiras e sucesivas matrículas non van para a Universidade, senón que deben ser reintegradas ao Tesouro da comunidade autónoma para reducir o déficit público autonómico.

Respecto da dedicación do profesorado, a CRUE negociou co Ministerio para que se flexibilizase a aplicación das 320 horas. O que se conseguiu foi unha circular do Ministerio no sentido de que eses topes son máximos, mais permiten políticas propias en cada universidade. Por iso a nosa posición foi subir das 220 a 240, que era a carga máxima fixada xa desde o ano 1985, e asumir o compromiso de incorporar esas cargas máximas á PDAI, obviamente pola vía da negociación.

Sinala tamén que a captación de fondos competitivos é cada vez máis difícil pola rebaixa tan grande que houbo destes fondos nos ministerios (preto do 80%); estamos aguantando o tirón, a pesar de que desde a Xunta se insiste na necesidade de reducir o capítulo I, que supón máis do 75% do noso orzamento. A situación é, con todo, preocupante de cara ao futuro inmediato, polo que cómpre potenciar as nosas fortalezas e corrixir as nosas debilidades neste contexto tan hostil.

Solicita intervir por alusións o profesor Alejandro Pazos para volver criticar os acontecementos da apertura de curso.

Por alusións, solicita intervir un estudante, para lembrar que as protestas dos estudantes foron tamén porque a apertura do curso no mes de setembro supuxo cambiar a data de exames oficiais.

Feitas as anteriores intervencións, o reitor dá por pechado o punto.

### **3. Informe de xestión do valedor universitario correspondente ao ano 2012**

O reitor cédelle, a continuación, a palabra ao valedor universitario para que expoña os puntos principais da súa memoria de xestión do curso 2011-2012 (setembro 2011-agosto 2012), que foi enviada previamente aos claustrais.



Apoiándose nunha presentación informática, o valedor analiza as estatísticas das reclamacións presentadas e resoltas, ben como as tendencias existentes, a distribución de casos por colectivos e centros etc.

Tras a súa análise, o valedor apunta os seguintes obxectivos de cara ao ano 2013: mellorar o tempo de resposta ás solicitudes, reclamacións e recursos; cumprir os prazos fixados polos órganos; reducir a necesidade de corrección de erros nas convocatorias de procedementos en concorrencia competitiva; mellorar as guías docentes, os documentos e protocolos de actuación; velar polo respecto entre os membros da comunidade, dada a asimetría que hai entre eles (nomeadamente, entre estudantes e profesores).

Ao rematar a súa exposición, na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Julián Dorado pregunta sobre unha consulta acerca da convocatoria de bolsas predoutorais, feita sobre un estudante de terceiro ciclo do grupo de investigación ao que pertence, e que non chegou a queixa. Refírese ao artigo 104.2 dos Estatutos. Non houbo listaxe provisoria nin posibilidade de recurso, nin lle ensinaron a listaxe das puntuacións no proceso selectivo, polo que considera que se produciu indefensión. Tratábase dun problema que produciu 80 reclamacións. Pide cambios na convocatoria e no artigo 104.2 dos propios Estatutos da Universidade.

Jordi Delgado agradece o informe, pero non entra nos datos, nin na súa análise estatística, pois pide máis análises cualitativas do estado da universidade. Formula as súas dúbidas sobre a ecuanimidade na resolución de certos casos. Só hai un caso de actuación de oficio (sobre a carencia de residencia universitaria) en que debería terse demandado información das outras partes implicadas (Xunta e concello). Sinala tamén o manifesto asinado por 200 estudantes, sen aclararse de que centro; bota en falta identificar o problema de fondo que hai no centro, que probablemente obriga a adoptar solucións por parte do equipo reitoral. Sinala, tamén, a adxudicación de bolsas a persoas que non cumpren os criterios (bolsas Santander), o cal ao seu entender debería ter provocado unha recomendación á vicerreitoría competente. Tampouco considera competente ao valedor para solicitar a apertura de expedientes disciplinarios. Entende que hai outros excesos, como a súa petición de revisar unha nota que xa foi depurada administrativamente conforme ao procedemento previsto; hai unha falta de equilibrio, que fai aparecer un





certo furor xusticeiro que non se aplica con igualdade aos distintos casos. Remata invitando ao valedor a que faga máis actuacións de oficio.

Alejandro Pazos lembra que se manifestara en contra da idoneidade do valedor universitario, e con esta memoria confirma que non é idónea a súa figura. Só houbo unha actuación de oficio, con todos os problemas que pasan na Universidade. Toca o asunto da avaliación dos grupos de investigación da ANEP (ao seu xuízo, non houbo transparencia), e a demora na repartición de fondos propios de investigación. Cita tamén a reapertura do expediente disciplinario a José Ramón Méndez Salgueiro. Di que o valedor está facendo de parapeto do equipo reitoral. Por último, solicita que se eliminen as referencias ao xénero nas súas estatísticas.

A seguir, o valedor universitario contesta conxuntamente as anteriores intervencións.

En primeiro lugar (verbo do caso comentado por Julián Dorado), reconece que, en efecto, houbo defectos de forma, mais existe lexislación xeral e prazos que son tamén de aplicación. O valedor engade que non é ningún inspector, nin tampouco ningún avogado de oficio. As actuacións de oficio formais son poucas, como en moitas outras universidades, aínda que hai moitas actuacións de oficio informais que se realizan en cada caso. Rexeita que as súas actuacións sexan nesgadas a prol do equipo de goberno, insistindo en que actúa con total independencia.

#### **4. Informe sobre as liñas orzamentarias para o ano 2013**

O reitor dálle a palabra á vicerreitora de Planificación para que informe sobre as liñas orzamentarias do ano 2013.

A vicerreitora di que vai facer unha exposición das liñas xerais, dado que os órganos competentes para propor e aprobar o orzamento son o Consello de Goberno e o Consello Social.

En primeiro lugar, aborda o contexto orzamentario e a evolución prevista dos ingresos, por referencia ao Plan plurianual 2010-2013, aprobado polo Claustro no ano 2010, e ás cifras do Plan de financiamento do SUG estimadas para 2013. Neste sentido comenta a incerteza existente sobre as cifras definitivas do orzamento da Xunta, dado que o anteproxecto de lei de orzamentos non está aínda pechado.





Respecto do gasto, a vicerreitora vai comentando as partidas prioritarias de gasto: capítulo I e transferencias correntes, bolsas aos estudantes. Isto terá como consecuencia a necesidade de axuste noutras partidas, especialmente na de gastos correntes en bens e servizos e investimentos.

Feita a anterior exposición, e na quenda aberta de intervencións, o profesor Jordi Delgado fai notar que solicitou documentación correspondente a este punto, e comenta que é difícil tirar conclusións sobre unha exposición tan xeral. Di que son liñas xerais, pero pouco máis. Comenta a redución do 30% dos fondos FEDER para infraestruturas da convocatoria de 2010, e pide máis concreción, insistindo no problema do CITEEC, que debe irse resolvendo con celeridade e transparencia. Critica tamén as devolucións de cantidades importantes por mala xustificación de fondos FEDER.

Andrés de Blas tamén di que é moi difícil debater sobre algo sobre do que se carece de información. Considera que isto é unha forma de limitar o debate e o protagonismo do Claustro. Por iso reivindica que se remita información previa e suficiente. Sobre o fondo das cuestións, solicita que, a pesar dos recortes, se aumente a calidade da docencia. Pregunta sobre se a débeda do IVE que se vai reintegrar desde Facenda vai reverter dalgún xeito nos grupos de investigación que o xeraron previamente.

Alejandro Pazos pregunta tamén se o ingreso extraordinario do IVE vai xerarse nos grupos de investigación, e sobre a partida e os importes do pagamento que se lle fixo á ANEP para sufragar os gastos da avaliación dos grupos. Pregunta se se vai provisionar diñeiro para prever a demolición de edificios ilegais, construídos sobre solo que non é da Universidade. Preocúpalle a baixada da captación de fondos do I+D+I, que ten un duplo castigo: para o financiamento da Universidade, pola baixada dos indicadores, e para os grupos, que non poden financiar a súa investigación.

Luís Castedo tamén tería agradecido contar antes con esta presentación. Para el, a vicerreitora transmite unha sensación de inevitabilidade nos orzamentos. Insiste que debemos facer unha reforma máis profunda da universidade se queremos captar máis fondos. Pregunta tamén sobre a situación do CITEEC, demanda unha solución con prontitude, e solicita que se xestione ben a dedución do IVE.



Mendez Salgueiro critica a política de bolsas. Di que o reitor criticou na prensa ás escolas universitarias por seren un modelo caduco, e non está de acordo, porque en Europa están triunfando. Comenta a creación das unidades de xestión administrativa integrada, e as consecuencias que pode ter no desmantelamento da Escola Universitaria de Deseño Industrial, que é tamén Universidade da Coruña. Interpreta que con esta reforma se trata de atacar os centros onde o reitor non gañou as eleccións.

Marisa Sánchez Simón solicita máis datos da nova residencia universitaria en Ferrol (a previsión de apertura, o número de prazas, os prezos públicos etc.).

Anxo Calvo considera que, a pesar da xeneralidade dos datos, derivada das incertezas existentes na elaboración do orzamento xeral da comunidade autónoma pola Xunta de Galicia, hai elementos de xuízo suficientes para situármolos. En concreto, critica o transvasamento de fondos estruturais do Plan de financiamento do SUG á actividade incentivada de investigación. Pregunta que marxe de manobra temos para imputar a baixada de 20 millóns de euros que ten previsto a Xunta e solicita que se faga un chamamento en defensa da autonomía universitaria para que as melloras en eficiencia do gasto que consigamos repercutan no noso resultado económico, non no resultado económico da Xunta. Pregunta se, con estes números, se vai baixar máis que o 5% que se transmitiu nas entrevistas cos decanos, e como se vai repercutir nos gastos de capital.

Narciso de Gabriel subliña que a crise supuxo paradoxalmente o trunfo do pensamento neoliberal, da crítica ideolóxica do público en beneficio do privado. A universidade ten que ser un alicerce na defensa do público. En relación coas liñas orzamentarias, quere parabenizar a institución por termos xestionado con prudencia as contas, o que permite hoxe ter un orzamento moi axustado, mais sostible. Coincide coas prioridades sinaladas pola vicerreitora. Hai conquistas sociais, como o da educación superior accesible á maioría da poboación, que deben ser defendidas. Opina que as obras abertas, nomeadamente o *Campus Center* e o CITEEC, haberá que rematalas, aínda que sexa máis modestamente.

A continuación, a vicerreitora dá resposta conxunta a todas as anteriores intervencións, comezando por pedir desculpas polo carácter xeral dos datos. Lamentablemente, onte mesmo houbo unha reunión na Consellaría de Facenda na que non se achegaron parámetros definitivos, polo que o



orçamento se fai con moita incerteza. No entanto, comprométese a facer reunións previas para explicar o orzamento antes do Consello de Goberno. Respecto do CITEEC e o *Campus Center*, sinala que teñen crédito reservado, mais teñen problemas de distinta natureza á orzamentaria: a obra do segundo ten licenza, mais está sendo reformulada á baixa, con menos unidades de obra, para minorar os seus custos; os problemas do primeiro consisten en que carece de licenza, que se rescindiu o contrato coa empresa contratista, Aldesa, polo abandono unilateral desta empresa, e que se está redefinindo o proxecto de execución para axustalo aos condicionamentos económicos xerais. Non hai aprovisionamento de partidas para demoler edificios porque esta hipótese non se contempla en ningún caso, nin por parte da Universidade nin polo Concello. Respecto dos fondos FEDER do 2010, comenta que se fixo un esforzo moi grande por buscar o cofinanciamento nun contexto orzamentario tan adverso, pero hai moitas dificultades específicas, como o tema da exención do IVE, e tratouse de salvar a maior cantidade de diñeiro mediante a renegociación dos proxectos cos grupos de investigación. Sobre os pagamentos á ANEP, orzouse unha cantidade de capítulo II de 15 000 € para o ano 2012, outra partida de 10 000 € para 2013. Tamén dá explicacións sobre a residencia universitaria de Ferrol, e sobre as medidas de eficiencia adoptadas para conter o gasto.

Tras a intervención da vicerreitora, e cando o reitor vai dar por rematado o punto, escóitanse rumores de voces desde o claustro. O reitor comenta “con moito coidado trataremos de xestionalo...non podemos dicirlle máis...é pola vía de reclamación administrativa...non é xestión directa...está nos tribunais...de momento non pensamos nada...”. Novamente escóitanse voces, tras o cal o reitor abre unha nova quenda de intervencións.

Jordi Delgado considera que hai que priorizar as adquisicións de bens de equipo para os grupos de investigación, porque nesta universidade tradicionalmente se mercou todo o que os grupos pedían, mesmo a risco de infrautilización. Pide datos sobre as devolucións por mala xustificación dos fondos FEDER, e solicita que se fagan actuacións que eviten no futuro estes reintegros.

Andrés de Blas considera que a resposta que deu o reitor sobre a imputación do IVE aos grupos é unha falta de respecto a el e ao claustro. Mostra as súas dúbidas de que sexa correcto recoller no orzamento unha devolución do IVE que está pendente dun xuízo.



Xosé Lois Martínez comenta as negativas consecuencias dos orzamentos da UDC sobre os estudantes. Os estudantes da UDC están penalizados no financiamento de servizos e infraestruturas que deberían atender as súas necesidades. Por exemplo, os usuarios do transporte público pagan un billete dos máis caros de España por quilómetro percorrido (cinco). Replica a intervención de Pazos, porque a reciclaxe de espazos de aparcamentos e edificios é unha política seguida por moitas universidades europeas. Cre que hai que actuar con xenuína responsabilidade social, e evitar o desbaldimento inmobiliario que hai nesta cidade. Hai que afrontar os temas de aloxamento e mobilidade para evitar que a UDC se converta nunha universidade municipal.

Feita esta segunda quenda de intervencións, a vicerreitora contesta conxuntamente que se realizou a correspondente priorización dos fondos tecnolóxicos FEDER. Sobre a inclusión do IVE no orzamento, contamos con informes que corroboran a prudencia deste criterio orzamentario.

Intervén finalmente o profesor Alejandro Pazos para lembrar que foi o fiscal o que dixo que os edificios eran ilegais e ilegalizables.

## **5. Quenda aberta de intervencións**

O reitor abre a quenda aberta de intervencións.

Intervén en primeiro lugar Ana Jesús respecto a un comentario do profesor Pazos, para lembrarlle que o artigo 20 da Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes obriga incluír a variable de sexo nas estatísticas públicas.

Andrés de Blas pregunta sobre o pagamento dos complementos de investigación e excelencia da Xunta. Considera que os profesores son tratados como reféns nunha negociación. Isto é un agravio, porque diñeiro hai, como pon de manifesto a creación de cinco negociados de PAS.

Luís Castedo incide sobre o tema dos regulamentos e a publicidade. Considera que se envían con pouco antelación. Cita o exemplo do Consello de Goberno do 17 de xullo de 2012. Pregunta cando vai estar dispoñible para o seu uso o CITIC, que leva dous anos parado. Tamén pregunta sobre a adquisición de material en decembro de 2011 depositado no CITIC. Presenta os datos de acreditación de titulacións pola ACSUG e a supresión



do complemento de coordinación dos mestrados: preocúpalle que se cambien as regras no medio do partido. Non ten claro cal é o obxectivo da reforma da RPT, pero critica que se dediquen á calidade, que non é útil.

O profesor Marcos López pregunta sobre o estado das dilixencias informativas abertas contra o profesor Domingo Bello Janeiro. Verbo da circular da Vicerreitoría de Profesorado de 18 de outubro de 2012, sobre incompatibilidades do persoal docente, considera que se matan moscas a canonazos. Critica ao vicerreitor de Profesorado por terlle enviado un requirimento sobre o presunto incumprimento da anterior circular. Por último, comenta a existencia dun manifesto dos profesores de Dereito sobre a excesiva burocratización do traballo do PDI, e pide unha valoración ao respecto.

O profesor Juan Ferreiro considera que os servizos públicos non poden seguir funcionando como até agora. O contexto da crise obriga a que se faga unha reflexión sobre a necesidade de abrir novas vías de captación de financiamento, actuando con máis imaxinación, facilitándolle o labor docente e investigador ao profesorado, e aumentando a coordinación entre os recursos que atesouramos. Considera, tamén, que hai que convocar en máis ocasións o Claustro, aínda que con intervencións máis áxiles.

O profesor Carlos Platas considera positiva a creación das unidades de xestión académica integrada, porque melloran a eficiencia dos escasos recursos que temos para atender axeitadamente a xestión. Comenta a dinámica que se creou desde fóra de desprestixio da institución universitaria. Fronte a estas campañas de deterioración da nosa imaxe ante a sociedade, cómpre transmitirlle a esta a importancia do traballo universitario para termos futuro. Parabeniza o reitor pola lectura do manifesto do pasado luns, da man das restantes universidades españolas.

A profesora Nereida María Canosa felicita o reitor polo apoio ao manifesto das universidades sobre o investimento público en I+D+I. Sobre a acreditación da investigación dos profesores, pide información sobre as iniciativas que se van desenvolver para que as titulacións e os centros que se incorporaron hai pouco á investigación poidan consolidar os seus proxectos nestes ámbitos.

Xosé Lois Martínez pide que para facer política universitaria se faga menos caso aos xornais. Defende a súa actuación pasada como vicerreitor, que foi



sempre de respecto máximo á legalidade no proceso de construción das infraestruturas que se lle encomendaron, infraestruturas que son perfectamente legalizables, e demanda que o equipo de goberno tamén actúe con transparencia no ámbito das infraestruturas.

O profesor Fernando López Peña fala de investigación e transferencia. Sinala as dificultades administrativas creadas pola propia universidade para xestionar a investigación, que abafan os investigadores principais. Considera que debe reforzarse o PAS dedicado a apoiar o persoal investigador. Respecto da transferencia, comenta o asunto do artigo 19 do Regulamento do artigo 83, que ao seu xuízo transmite desconfianza contra a transferencia da investigación. Solicítalle ao claustro unha reflexión ao respecto.

Xosé Portela considera que o reitor aposta por facer máis con menos. Isto tradúcese nas propostas de RPT que presenta o xerente. Pode ser que un traballador non saiba cada día onde vai exercer o seu traballo. Reclama que o consenso sexa real tamén nas súas negociacións cos traballadores.

María Gutiérrez pregunta o que acontece co funcionamento dos órganos colexiados da Biblioteca Universitaria (Comisión de Bibliotecas). Non hai actas públicas. A xunta técnica, o órgano consultivo, leva máis de tres anos sen reunirse.

Felipe Fernández solicita que desde o goberno da universidade se reflexione máis sobre o procedemento de actuación respecto do colectivo do PAS. En especial, pregunta se a previsión de control horario do PAS que tiña a Xerencia vai aplicarse tamén ao PDI. Respecto da RPT, solicita un esforzo de negociación á xerencia e solicitan, tamén, a posibilidade de consumir os días de asuntos propios do ano 2012 até o 31 de marzo, como se fai xa na Xunta de Galicia.

Teresa López constata, en primeiro lugar, que o Claustro está a ser moi interesante para analizar os puntos de encontro e desencontro da comunidade universitaria. Solicita que se vaian substanciando acordos ante a situación, moi dura, que se esculca para todas as universidades españolas e para o conxunto da sociedade na que nos inserimos.





Nuria Vieira lembra que sobre a nova RPT aínda non hai acordo. Detecta falta de vontade de achar o consenso nestes asuntos e solicita un esforzo de achegamento.

Ana Barxa critica a pouca periodicidade na convocatoria do Claustro, e as malas datas de realización por coincidiren cos exames. Critica a intervención de Pazos sobre a apertura de curso académico, porque os Comités volverían facelo, aínda con máis motivos, dada a situación. Pide un regulamento para as folgas. Solicita tamén a retirada do doutoramento honoris causa a José Luís Méndez López, do mesmo xeito que xa fixeron no Consello de Goberno do 31 de outubro de 2012. Lembra que xa no 2002 os Comités se opuxeron á concesión desta honra, e procede a ler o documento lido xa no Consello de Goberno de outubro do 2012. Quéixase por non ter sido autorizado o envío deste escrito a listas institucionais de estudantes, xa presentado no consello de goberno. Anuncia unha campaña contra a suba do bonobús para presionar ao Concello. Solicita, por último, ampliar o horario de bibliotecas nas épocas de exames.

O estudante Alejandro Castro, do campus de Ferrol, insiste sobre o mal servizo do transporte público nos campus de Ferrol, que está cada vez peor, xa que o bus de Serantes ten moi poucas frecuencias, e estas non coinciden cos horarios académicos. Pregunta se houbo unha rebaixa da cantidade orzada para o bonobús no exercicio 2012. Solicita que se dea un transporte digno aos estudantes mediante a negociación co concello e a concesionaria municipal. Tamén se interesa pola residencia pública de Ferrol: que pasou coas cantidades reservadas no orzamento para a restauración do cuartel do Sánchez Aguilera? Critica que só sexan corenta prazas; cre, ademais, que son menos prazas, porque o centro Soutomaior non dá para máis. Considera que a convocatoria de Bolsas Santander tivo moi pouca publicidade e demanda que haxa máis transparencia, por exemplo, publicando as valoracións de todos as persoas solicitantes. Sobre a reordenación dos estudos de Enxeñaría no campus de Esteiro, solicita saber que vai pasar con Serantes. Por último, aproveita para despedirse do claustro.

Amelia Fraga chámalle a atención a Alejandro Pazos por pór en dúbida a boa educación do estudantado, que protesta porque non ten máis remedio e está no seu dereito democrático.

Jorge Rodríguez, de IESGA, súmase ao dito polos Comités e os representantes do PAS.



O reitor contesta conxuntamente as anteriores intervencións, dando a súa opinión sobre o aboamento dos complementos autonómicos, a acumulación de regulamentos no Consello de Goberno do 17 de xullo, a licenza de primeira ocupación do CITIC, os procesos de acreditación das titulacións, a retirada dos complementos dos coordinadores dos mestrados, a negociación da RPT, a implantación das unidades académicas de xestión integrada, a información reservada ao profesor Domingo Bello Janeiro, a circular sobre incompatibilidades docentes e os formularios de autorización, o desprestixio dos servizos públicos, a planificación estratéxica, a mellora da xestión da investigación e a transferencia, os problemas do campus de Ferrol.

Ricardo Cao, vicerreitor de Investigación e Transferencia, di que aínda non se reuniu a as comisións de bibliotecas, e que entende que na vindeira sesión, a próxima semana, se aprobarán as actas pendentes. A xunta técnica está tamén pendente de reunirse. Comenta tamén o problema do cofinanciamento dos fondos FEDER para infraestruturas, e a valoración realizada polos grupos por parte da ANEP, que considera tan satisfactoria como útil, pois dá unha diagnose moi fiel, non só cuantitativa, das debilidades, fortalezas, desequilibrios e oportunidades dos nosos grupos de investigación nas distintas ramas de coñecemento. Rebate que non se escoite os grupos de investigación críticos coa avaliación da ANEP, pois foron moitas horas as dedicadas a escoitaren a súa opinión. En particular, mostra o seu desacordo sobre as insinuacións verquidas polo profesor Pazos sobre a falta de idoneidade da ANEP para avaliar os grupos de investigadores, dada a experiencia e prestixio que acumula nos últimos anos neste campo.

Julio Abalde, vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, desmente que haxa titulacións con informes desfavorables. Sobre o manifesto do profesorado de Dereito, está de acordo en liñas xerais, como xa se tivo ocasión de manifestar na reunión que houbo cos profesores asinantes na Facultade de Dereito. Sobre a mellora da xestión, salienta as virtudes da sinatura electrónica para facer máis eficiente o traballo do PAS e do PDI.

Finalizada a réplica, e tras agradecer a todos os asistentes a súa participación, o presidente dá por rematada a sesión ás 15.55 horas.



De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito